



Fran Vaquero
Co-fundador
Jakobsland Brewers

JAKOBSLAND
B R E W E R S



// Sector
Alimentario



// Localización
Santiago



// Ano de constitución
2016



// N° empregados
2

// Descripción da empresa

Empresa creada a partir da ilusión de dúas persoas apaixonadas pola cervexa que se coñeceron facendo o camiño de Santiago. A súa actividade céntrase na elaboración de cervexas artesás de alta calidade, que destacan por ser naturais e sen filtrar; ademais, carecen de aditivos e elabóranse sen pasteurización.

Pero, sen dúbida, o que máis diferencia Jakobsland doutras cervexas artesás son os seus envases e etiquetas. Podería definirse como unha cervexa alternativa, con trazos da cultura galega e que achega o mellor da tradición cervexeira internacional.

"Re-acciona supuxo alcanzar a coherencia entre o que somos e o que dicimos ser, e así contárllelo e achegárllelo aos consumidores"

Fran Vaquero. Co-fundador de Jakobsland

// Descripción do proxecto

Como para todas as novas empresas, o lanzamento é un dos momentos clave e máis complicados e Jakobsland detectou a necesidade de comunicar a súa visión, valores e proxecto, así como atopar unha solución loxística para o público que non tiña acceso ás súas cervexas. Así mesmo, querían crear unha presenza en liña que transmitise a súa filosofía de marca e que fose un fiel reflexo do seu estilo. Estas razóns foron as que motivaron a súa participación no servizo de imaxe e comunicación.



Co axente colaborador atoparon o seu elemento de venda diferenciador, e reformularon e compartiron outros aspectos clave do plan de negocio. Ademais, lograron obter os coñecementos e as ferramentas necesarias para seguir actualizando estes aspectos dunha forma autónoma.



// O resultado

O traballo realizado permitiulles reforzar os valores da marca e a súa historia, aumentar a potencia gráfica corporativa e poñer en valor e organizar toda a información sobre os produtos que ofrecen. A comunicación directa, a acción inmediata e o mantemento dos obxectivos, sobre todo en tempo, foi fundamental para chegar aos resultados.

Como consecuencia, conseguiron unha web cunha tenda en liña optimizada, fácil de usar e vinculada coas súas redes sociais de maneira interactiva.

*“Dende Jakobslund
queremos darlles as grazas
ao Igape e ao equipo de
colaboradores de
Re-acciona polo traballo
realizado e por
acompañarnos nos
nosos retos”*

Fran Vaquero
Co-fundador de Jakobslund



// Web



// Vídeo
Ver video